



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000030

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos, do día quince de setembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste escusando a súa asistencia dona Jessica Sabín Fernández, para celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celébrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 3 E FINAL DO PROXECTO DE OBRA DENOMINADO: “DOTACIÓN E MELLORA DE LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN MONTEFARO E VILABOA”, INCLUIDA NO POS+2020 DA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Proposta de aprobación da certificación núm. 3 e final do proxecto de dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excma. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 21 de xullo do 2022.

A devandita certificación núm. 3 e final do proxecto de dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa foi inxerida no Rexistro do Concello de Valdoviño en data 21 de xullo do 2022 (202199900001159) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente o 21 de xullo do 2022 pola empresa adjudicataria Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15352735 por importe de 9.971,34 €.

Visto o Informe de Intervención núm. 35/2022 (EMP 85/2022) con resultado de fiscalización desfavorable non suspensivo con observacións emitido en data 12 de setembro do 2022.

Conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a certificación núm. 3 e final do proxecto de dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa e a correspondente factura número Emit- 220130

do 21 de xullo do 2022 con número de rexistro contable F/2022/1836, emitida por Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15352735 por importe de 9.971,34 €.

Segundo.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación núm. 3 e final do Proxecto de dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excma. Deputación de A Coruña deberán descontárselle 243,13 € pola dirección e inspección de obra e 81,04 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Proposta asinada dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía sinalada.

2º.-APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/37.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/37 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 13 facturas ascende á cantidade de CENTO DEZANOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (119.996,42 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/37 por importe bruto de 119.996,42 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía sinalada.

3º.-APROBACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA XXI ANDADA A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO.-

Proposta do Alcalde:

“Atendendo ás circunstancias de índole social e sanitaria derivadas da enfermidade infecciosa provocada polo virus SARS-CoV-2 que derivou na pandemia coñecida como coronavirus (COVID-19) e que obrigou a suspender, cancelar, modificar e transformar múltiples actividades relacionadas coa programación de actividades de toda índole que se estaban a realizar de xeito anual no Concello de Valdoviño e, tendo en conta que debido á mellora da situación sanitaria na data actual se está a retomar e procurar unha volta á normalidade en todos os ámbitos da vida cotiá dos cidadáns

PROPONSE

Organizar o día 1 de outubro do ano 2022 a XXI ANDADA A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO, unha actividade de carácter cultural na que se mostra aos participantes o patrimonio material e inmaterial do Concello de Valdoviño do que se pode tomar constancia na ruta , así como a relación do mesmo cos Camiños Xacobeos á vez que se promociónan hábitos de vida saudables, retomando unha proposta que estaba fidelizada e afianzada tanto entre a poboación local como comarcal e que polos acontecementos indicados precisou dun parón obrigado sendo na actualidade do interese deste Concello a incorporación da mesma dentro da programación de actividades anual.

Os gastos estimados que se contemplan serán de de 3.500,00 euros correspondentes a : autobuses, avituallamentos , escenificacións e imprevistos.

Os ingresos estimados para esta actividade serán de 1.500,00 euros o que supón unha cota de 15,00 euros por persoa xustificadas tras facer unha valoración das cotas establecidas nos anos anteriores en relación ao momento actual. Por este motivo solicítase aprobación da cota proposta atendendo ao punto 3.1.3. “actividades culturais” da ordenanza reguladora do precio público por prestación de servizos educativos, culturais e deportivos na que se fai referencia a “outros servizos culturais” no que se establece que no caso de que se organicen polo Concello outras actividades culturais non específicas na ordenanza, poderán aprobarse as mesmas tendo en conta os custos de organización da actividade.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 13 de setembro de 2022.

O alcalde: Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía sinalada.

4º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A “ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS” PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2022 .-

Vista a base número 53º das Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2022 se contemplan unha serie de axudas e subvencións públicas entre as que consta a colaboración económica coa ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS para axudar a soportar os gastos que derivan da organización e celebración de actividades e competicións deportivas con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 por importe de 2.900 €.

Ante a necesidade de conceder subvencións nominativas por importes diferentes aos previstos nas bases de execución do orzamento 2022 aos clubs e entidades existentes no municipio, para sufragar os gastos derivados da promoción da actividade deportiva e colaborar nos gastos de organización que derivan de competicións deportivas que se desenvolven no noso municipio, faise necesario modificar os devanditos importes das subvencións nominativas previstas nas bases de execución do orzamento 2022.

A referida proposta da Alcaldía foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 5.5.22.

O Pleno da Corporación deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de maio de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da Base nº 53 "Axudas e subvencións públicas" das de Execución do Orzamento Xeral para o 2022, aprobado por acordo do Pleno de data 18 de novembro de 2021, en concreto o seu apartado VII) "Subvención nominativas" no relativo ás imputables na aplicación orzamentaria 341-48900 (actividades/eventos deportivos), no seguinte censo:

ENTIDADE	IMPORTE
(...)	(...)
<i>Escola de fútbol base Amistade de Meirás (V70087523)</i>	3.290,00€
(...)	(...)

Visto o Informe de intervención EMP 86/2022 asinado en data 12 de setembro do 2022 con resultado de fiscalización con observacións

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de sufragar os gastos que derivan da organización e celebración de actividades e competicións deportivas da ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS no ano 2022, establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUBE/ENTIDADE DEPORTIVA "ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS " PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACION E CELEBRACION DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2022.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alberto González Fernández con DNI nº [REDACTED] alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación do Concello.

Doutra parte, D. José Mourente Leira con DNI [REDACTED] presidente do Clube/Entidade Deportiva: "ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS", en nome e representación de dita entidade.

MANIFESTAN

Que ambas partes teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

Que o Concello de Valdoviño poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no orzamento.

Que é unha actividade de fomento para favorecer a realización das actividades deportivas.

Por todo o exposto, acórdase formalizar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 19.4 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) establece que poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

SEGUNDA: OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración das actividades deportivas durante o ano 2022.

A duración do convenio exténdese ata a finalización do prazo de xustificación da axuda, finalizando sempre antes do remate do 15 de decembro de 2022.

TERCEIRA: CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA E CESIÓN DE LOCAL

O Concello de Valdoviño comprométese a destinar para esta finalidade a cantidade máxima de 3.290,00 euros con cargo ao orzamento para o ano 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 341.489,00. A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración das actividades deportivas durante o ano 2022.

Desta cantidade máxima o setenta e cinco por cento será aboado unha vez se teña asinado o convenio, previa presentación da documentación requirida, e o vintecinco por cento restante será aboado unha vez se xustifique o gasto realizado, conforme se determina na cláusula sexta.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concurrencia con subvencións ou axudas

doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario superen o custo da actividade a desenvolver.

CUARTA: DOCUMENTACION

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
 - b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
 - c) Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
 - d) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
 - e) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
 - f) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral, e en concreto, co Concello de Valdoviño, e coa Seguridade Social.
 - g) Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
 - h) Certificación dos datos bancarios da entidade.
- En todo caso, a antedita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

QUINTA: OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- b) En toda a publicidade que realicen para a promoción de dito evento debe figurar en lugar perfectamente visible e preferente o escudo do Concello de Valdoviño, aos efectos de que conste a colaboración económica prestada.
- c) Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e da finalidade que determina a concesión da subvención.
- d) No momento do pago do importe anticipado e con carácter previo a este, declaración de compromiso de xustificación no prazo de 3 meses dende a data da concesión da axuda, e en todo caso antes do 15 de decembro de 2019, por parte de receptor nos termos previstos nas presentes Bases.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requeridas polos órganos municipais, proporcionando tanta información lles sexa requerida no exercicio das ditas actuacións.
- f) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 LXS.
- j) Establecese a obriga por parte do clube beneficiario de colocar nun lugar visible e preferente un cartel (lona) con medidas mínimas de 180 x 60 cm.
(Co logotipo establecido polo Concello.)

SEXTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O pagamento da subvención efectuarase en dous momentos mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para tal efecto polo beneficiario, o primeiro pago do 75 %, unha vez asinado o convenio (ó

tratarse de subvención prepagable parcialmente), e o segundo pago, do 25%, unha vez se aprobe a xustificación da axuda . Aos efectos de efectuar o ingreso do importe anticipado non se require a constitución de garantía algúnha, dado os importes das axudas.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a xustificación coa maior brevidade posible e, en todo caso, antes do 15 de decembro de 2022.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas deste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- b) Certificación que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- c) Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola realización das actividades obxecto da subvención. As ditas facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación e os conceptos das mesmas deberán especificar claramente que se refiren a gastos específicos derivados da organización e celebración das actividades deportivas durante o ano 2022. Adxuntaranse tamén xustificantes de transferencias bancarias aos provedores, co selo da entidade financeira, aos efectos de que quede acreditado a efectividade dos pagamentos.
- e) Acreditación de ter dado publicidade á colaboración económica do concello.
- f) Fotografía do cartel (lona) especificado na CLAUSULA QUINTA apartado
- j). Mediante unha resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da xustificación presentada polo beneficiario.

SÉTIMA: INCUMPRIMENTO

No caso de que o beneficiario do presente convenio non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade deste, ou non realice o obxecto que determina a concesión da axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

OITAVA: NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa. Os acordos que se adopten en base ao mesmo porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante xurisdicción contencioso-administrativa.

NOVENA: SOMETEMENTO

Polo Tribunal de Contas, e someterase ás responsabilidades e ao réxime sancionador da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMA: INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.

O representante do ente beneficiario:

Asdo.: D. José Mourente Leira

Dando fe pública a Secretaría do Concello de Valdoviño

Asdo: Dona Carlota González Navarro

Segundo.- Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga de pago do 75% da subvención prepagable (ao tratarse de subvención prepagable parcialmente, e o segundo pago do 25% unha vez se aprobe a xustificación da axuda) concedida a ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS, para a organización e celebración de actividades e competicións deportivas no ano 2022, que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 341.48900 do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRÁS, e requirirille para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía que antecede.

5º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O “CLUB DEPORTIVO ROSALIA DE VILABOA” PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2022 .-

Vista a base número 53º das Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2022 se contemplan unha serie de axudas e subvencións públicas entre as que consta a colaboración económica co CLUB DEPORTIVO ROSALÍA DE VILABOA para axudar a soportar os gastos que derivan da organización e celebración de actividades e competicións deportivas, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 por importe de 3.020 €.

Ante a necesidade de conceder subvencións nominativas por importes diferentes aos previstos nas bases de execución do orzamento 2022 aos clubs e entidades existentes no municipio, para sufragar os gastos derivados da promoción da actividade deportiva e colaborar nos gastos de organización que derivan de competicións deportivas que se desenvolven no noso municipio, faise necesario modificar os devanditos importes das subvencións nominativas previstas nas bases de execución do orzamento 2022.

A referida proposta da Alcaldía foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 5.5.22. O Pleno da Corporación deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de maio de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte acordo: Aprobar a modificación da Base nº 53 "Axudas e

subvencións públicas" das de Execución do Orzamento Xeral para o 2022, aprobado por acordo do Pleno de data 18 de novembro de 2021, en concreto o seu apartado VII) "Subvención nominativas" no relativo ás imputables na aplicación orzamentaria 341-48900 (actividades/eventos deportivos), no seguinte senso:

<i>ENTIDADE</i>	<i>IMPORTE</i>
(...)	(...)
<i>Centro deportivo Rosalía de Vilaboa</i>	3.590,00€
(...)	(...)

Visto o Informe de intervención EMP 86/2022 asinado en data 12 de setembro do 2022 con resultado de fiscalización con observacións

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de sufragar os gastos que deriven da organización e celebración de actividades e competicións deportivas do CLUB ROSALÍA DE VILABOA no ano 2022, establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUBE/ENTIDADE DEPORTIVA "A. D. ROSALIA DE VILABOA" PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACION E CELEBRACION DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2022.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alberto González Fernández con DNI nº [REDACTED] alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación do Concello.

Doutra parte, D. Jesús Amable García Villadoniga con DN [REDACTED] presidente do Clube/Entidade Deportiva: "A. D. ROSALIA DE VILABOA", en nome e representación de dita entidade

MANIFESTAN

Que ambas partes teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

Que o Concello de Valdoviño poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no orzamento.

Que é unha actividade de fomento para favorecer a realización das actividades deportivas. Por todo o exposto, acórdase formalizar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 19.4 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) establece que poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

SEGUNDA: OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración das actividades deportivas durante o ano 2022.

A duración do convenio exténdese ata a finalización do prazo de xustificación da axuda, finalizando sempre antes do remate do 15 de decembro de 2022.

TERCEIRA: CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA E CESIÓN DE LOCAL

O Concello de Valdoviño comprométese a destinar para esta finalidade a cantidade máxima de 3.590,00 euros con cargo ao orzamento para o ano 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 341.489,00. A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración das actividades deportivas durante o ano 2022.

Desta cantidade máxima o setenta e cinco por cento será aboado unha vez se teña asinado o convenio, previa presentación da documentación requirida, e o vintecinco por cento restante será aboada unha vez se xustifique o gasto realizado, conforme se determina na cláusula sexta.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concurrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario superen o custo da actividade a desenvolver.

CUARTA: DOCUMENTACION

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c) Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
- d) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- f) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral, e en concreto, co Concello de Valdoviño, e coa Seguridade Social.
- g) Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade.

En todo caso, a antedita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

QUINTA: OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- b) En toda a publicidade que realicen para a promoción de dito evento debe figurar en lugar perfectamente visible e preferente o escudo do Concello de Valdoviño, aos efectos de que conste a colaboración económica prestada.
- c) Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e da finalidade que determina a concesión da subvención.
- d) No momento do pago do importe anticipado e con carácter previo a este, declaración de compromiso de xustificación no prazo de 3 meses dende a data da concesión da axuda , e en todo caso antes do 15 de decembro de 2019, por parte de perceptor nos termos previstos nas presentes Bases.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requeridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.
- f) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 LXS.
- j) Establecese a obriga por parte do clube beneficiario de colocar nun lugar visible e preferente un cartel (lona) con medidas mínimas de 180 x 60 cm.
(Co logotipo establecido polo Concello.)

SEXTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O pagamento da subvención efectuarase en dous momentos mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para tal efecto polo beneficiario, o primeiro pago do 75 %, unha vez asinado o convenio (ó tratarse de subvención prepagable parcialmente), e o segundo pago, do 25%, unha vez se aprobe a xustificación da axuda . Aos efectos de efectuar o ingreso do importe anticipado non se require a constitución de garantía algúnha, dado os importes das axudas.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a xustificación coa maior brevidade posible e, en todo caso, antes do 15 de decembro de 2022.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas deste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- b) Certificación que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- c) Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola realización das actividades obxecto da subvención. As ditas facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación e os conceptos das mesmas deberán especificar claramente que se refiren a gastos específicos derivados da organización e celebración das actividades deportivas durante o ano 2022. Adxuntaranse tamén xustificantes de transferencias bancarias aos provedores, co selo da entidade financeira, aos efectos de que quede acreditado a efectividade dos pagamentos.
- e) Acreditación de ter dado publicidade á colaboración económica do concello.

f) Fotografía do cartel (lona) especificado na CLAUSULA QUINTA apartado j).

Mediante unha resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da xustificación presentada polo beneficiario.

SÉTIMA: INCUMPRIMENTO

No caso de que o beneficiario do presente convenio non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade deste, ou non realice o obxecto que determina a concesión da axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

OITAVA: NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa. Os acordos que se adopten en base ao mesmo porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante xurisdicción contencioso-administrativa.

NOVENA: SOMETEMENTO

Polo Tribunal de Contas, e someterase ás responsabilidades e ao réxime sancionador da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMA: INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/ 2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.

O representante do ente beneficiario:

Asdo.: D. Jesús Amable García Villadoniga

Dando fe pública a Secretaría do Concello de Valdoviño

Asdo: Dona Carlota González Navarro”

Segundo.- Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga de pago do 75% da subvención prepagable (ao tratarse de subvención prepagable parcialmente, e o segundo pago do 25% unha vez se aprobe a xustificación da axuda) concedida a CLUB DEPORTIVO ROSALÍA DE VILABOIA, para a organización e celebración de actividades e competicións deportivas no ano 2022, que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 341.48900 do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a CLUB DEPORTIVO ROSALÍA DE VILABOIA, e requirirle para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía que antecede.

6º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A “SOCIEDADE DEPORTIVA VALDOVIÑO” PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2022 .-

Vista a base número 53º das Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2022 se contemplan unha serie de axudas e subvencións públicas entre as que consta a colaboración económica coa S. D. VALDOVIÑO para axudar a soportar os gastos que derivan da organización e celebración de actividades e competicións deportivas con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 por importe de 2.330 €.

Ante a necesidade de conceder subvencións nominativas por importes diferentes aos previstos nas bases de execución do orzamento 2022 aos clubs e entidades existentes no municipio, para sufragar os gastos derivados da promoción da actividade deportiva e colaborar nos gastos de organización que derivan de competicións deportivas que se desenvolven no noso municipio, faise necesario modificar os devanditos importes das subvencións nominativas previstas nas bases de execución do orzamento 2022.

A referida proposta da Alcaldía foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 5.5.22. O Pleno da Corporación deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de maio de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da Base nº 53 "Axudas e subvencións públicas" das de Execución do Orzamento Xeral para o 2022, aprobado por acordo do Pleno de data 18 de novembro de 2021, en concreto o seu apartado VII) "Subvención nominativas" no relativo ás imputables na aplicación orzamentaria 341-48900 (actividades/eventos deportivos), no seguinte senso:

<i>ENTIDADE</i>	<i>IMPORTE</i>
(...)	(...)
<i>Club Sociedad Deportiva Valdoviño (G15580558)</i>	3.070,00€
(...)	(...)

Visto o Informe de intervención EMP 86/2022 asinado en data 12 de setembro do 2022 con resultado de fiscalización con observación.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de sufragar os gastos que derivan da organización e celebración de actividades e competicións deportivas da SOCIEDADE DEPORTIVA VALDOVIÑO no ano 2022, establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUBE/ENTIDADE DEPORTIVA " S. D. VALDOVIÑO" PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACION E CELEBRACION DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2022.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alberto González Fernández con DNI nº [REDACTED] alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación do Concello.

Doutra parte, D. Jose Luis Campos Suarez con [REDACTED] presidente do Clube/Entidade Deportiva: "S. D. VALDOVIÑO", en nome e representación de dita entidade.

MANIFESTAN

Que ambas partes teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

Que o Concello de Valdoviño poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no orzamento.

Que é unha actividade de fomento para favorecer a realización das actividades deportivas.

Por todo o exposto, acórdase formalizar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 19.4 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) establece que poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

SEGUNDA: OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración das actividades deportivas durante o ano 2022.

A duración do convenio exténdese ata a finalización do prazo de xustificación da axuda, finalizando sempre antes do remate do 15 de decembro de 2022.

TERCEIRA: CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA E CESIÓN DE LOCAL

O Concello de Valdoviño comprométese a destinar para esta finalidade a cantidade máxima de 3.070,00 euros con cargo ao orzamento para o ano 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 341.489,00. A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración das actividades deportivas durante o ano 2022.

Desta cantidade máxima o setenta e cinco por cento será aboado unha vez se teña asinado o convenio, previa presentación da documentación requirida, e o vintecinco por cento restante será aboado unha vez se xustifique o gasto realizado, conforme se determina na cláusula sexta.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concurrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario superen o custo da actividade a desenvolver.

CUARTA: DOCUMENTACION

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c) Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
- d) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- f) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral, e en concreto, co Concello de Valdoviño, e coa Seguridade Social.
- g) Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade.

En todo caso, a antedita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

QUINTA: OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- b) En toda a publicidade que realicen para a promoción de dito evento debe figurar en lugar perfectamente visible e preferente o escudo do Concello de Valdoviño, aos efectos de que conste a colaboración económica prestada.
- c) Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e da finalidade que determina a concesión da subvención.
- d) No momento do pago do importe anticipado e con carácter previo a este, declaración de compromiso de xustificación no prazo de 3 meses dende a data da concesión da axuda, e en todo caso antes do 15 de decembro de 2019, por parte de receptor nos termos previstos nas presentes Bases.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requeridas polos órganos municipais, proporcionando tanta información lles sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.
- f) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
